



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 21 DE MARZO DE 2013

Ás 9.35 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Xosé Luís Armesto Barbeito, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa asistencia os profesores Rosa Meijide Faílde, Anxo Calvo, Manuel-Reyes García-Hurtado e Ana Iglesias Galdo.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para realizar a sesión, o reitor dá paso ao primeiro punto da orde do día.

1. Informe do reitor

Tras dar a benvida aos asistentes, **o reitor** dá conta da reunión do Consejo de Universidades o pasado día 4 de marzo, en que se someteron a informe varios borradores de Real decreto: sistema MECES, reforma do Real decreto de 2007 (graos con máis de trescentos créditos). Outro Real decreto refírese ao procedementos de admisión nas universidades públicas (proba oral de idioma moderno). Outro regula a expedición do título programa erasmus-mundus. Informáronse varias ordes ministeriais en materia de títulos. Centro CESINE de Santander, unha franquía dunha universidade de Londres. O informe foi negativo, porque se reclama que debe haber unha regulación deste tipo de franquías. O Ministro expuxo tamén o informe dos expertos universitarios rendido en febreiro de 2013. Acordouse que, de conformidade con ese informe, xunto con outros, se constituirá unha comisión de cinco reitores (San Pablo Ceu, Rey Juan Carlos, Rovira i Virgili, Sevilla e Córdoba) e representantes dos ministerios (Educación, Economía e Facenda). A reforma, con todo, non parece ser urxente.

Tamén informa do nomeamento como membro do Consello de Goberno de Enrique José Pena Pérez, por ser elixido presidente do Comité de Empresa.

Por último, o reitor aproveita para agradecer o traballo e a colaboración a todos os decanos/as e directores/as que non continúen no Consello de Goberno, como consecuencia dos procesos electorais de elección de órganos unipersoais en centros e departamentos.

A continuación, o reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Investigación e Transferencia, quen informa da resolución das convocatorias de contratos



posdoutorais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e da publicación de centros receptores de contratos Ramón y Cajal do MINECO.

Tamén informa sobre as previsións da convocatoria de proxectos do MINECO en 2013 e das xestións realizadas para poder comezar a execución económica dos proxectos do MINECO concedidos recentemente. Por outra banda, o vicerreitor dá conta de diversas reunións, que trataron asuntos de investigación e transferencia, mantidas coa Refinería de REPSOL na Coruña e co Concello da Coruña. Así mesmo fai un resumo do número de solicitudes presentadas á convocatoria de avaliación pola ANEP 2013, nas distintas categorías de grupos de investigación, unidades de investigación e investigadores individuais.

O vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías informa da posta en marcha da UDC-TV, así como da posta a disposición da comunidade universitaria do tradutor automático *on line* (Opentrad), en colaboración co CIXUG. Por último, informa de que en breve se emitirá unha instrución para clarificar a extinción de titulacións sometidas a cambios nas memorias.

A vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas informa de que desde o anterior Consello de Goberno, de conformidade coa Base 9.^a 2 do Orzamento, se imputaron ao exercicio corrente obrigas xeradas no exercicio anterior por importe de 281.601,01 € nos expedientes V-0003-13 e V-0006-13. A Comisión de Asuntos Económicos do Consello de Goberno na súa sesión do 15 de marzo validou expedientes de gasto e imputounos a créditos de 2013 por importe total de 1.774.886,17 € euros no expediente C-0003-13. Aclara que, aínda que a cantidade total validada é máis importante que outras veces, é en boa parte consecuencia de que se comezaron a validar no seu conxunto contratos ou convenios sobre os que o Servizo de Intervención mostra reparos, en lugar de facer validacións de cada un dos pagamentos a que dan lugar.

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente informa da situación das prazas de colaborador aprobadas no último Consello de Goberno no seu trámite de autorización pola Xunta de Galicia. A Dirección Xeral de Orzamentos dixo que non procedía a urxencia na cobertura das prazas. A Vicerreitoría replicou explicando o prazo do 3 de maio. A Dirección Xeral de Orzamentos remitiuse á Secretaría Xeral de Universidades, que foi a que informou negativamente a urxencia. Solicitouse unha reunión urxente coa Secretaría Xeral de Universidades para aproximar posturas.



A vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social dá conta dos actos realizados con motivo do Día Internacional da Muller o día 8 de marzo. A Oficina de Igualdade de Xénero organizou distintas actividades para homenaxear e visibilizar a todas aquelas mulleres que traballaron e traballan nos distintos campos científicos, artísticos e da política. Por último, destaca que o pasado 18 de marzo se presentou a Memoria 2011 de responsabilidade social universitaria, elaborada polo Consello Social.

A vicerreitora de Estudantes, Deportes e Cultura informa da finalización do prazo da convocatoria das axudas Santander CRUE Cepyme para prácticas externas. Son 92 as asignadas á Universidade da Coruña. Houbo 1 518 solicitudes das cales 938 foron admitidas e 589 excluídas por non cumprir diversos requisitos marcados na convocatoria. O número de postos para bolseiros foi de 231 ofertados por 174 empresas. O total de títulos demandados foi de 39 por esta orde: Área de Enxeñaría e Arquitectura 17; Ciencias Xurídicas e Sociais 16; Ciencias 4 e Humanidades 2.

A Universidade da Coruña acolleuse ao programa *Iniciativa emprendedora universitaria*, patrocinada por unha serie de organismos oficiais (MEDC, MIT, UE) e impartido pola Escuela de Organización Industrial. O programa, dirixido ao alumnado de mestrados, consiste nun módulo teórico práctico de 6 semanas de duración e sen custo ningún, tanto para a UDC como para o estudantado que sexa seleccionado. O número de prazas é de 25, o prazo de inscrición remata o 10 de abril e a entrevista de selección será o día 11 de abril.

Así mesmo, informa do comezo, o día 20 de marzo, da realización da vixésima edición do Festival Internacional de Teatro Universitario. Este ano haberá un total de 17 espectáculos de teatro e danza. Cómpre salientar que o día das Letras Galegas está dedicado ao dramaturgo Roberto Vidal Bolaño, polo que o FITEUC recolle esta efeméride e moitas obras, entre elas as da Aula de Teatro da UDC, que homenaxean a este autor. As representacións das Aulas de Teatro e Danza da UDC terán lugar os días 10 e 11 de abril no Teatro Rosalía de Castro grazas á colaboración co Concello da Coruña. Aproveita para convidar os membros do Consello de Goberno á estrea.

Informa da continuación do programa de visitas ao campus de Ferrol e do inicio deste programa no campus da Coruña como complemento das actividades que realizan os centros. Remata o informe lembrando que entre os días 15 e 18 de abril terá lugar a vixésimo primeira edición das Xornadas de Orientación Universitaria e Profesional, que se organizan en



colaboración co Concello da Coruña e en que participaron o pasado ano 2012, 1 638 estudantes de ensino medio.

Remata o informe lembrando que o día 15 de marzo rematou o prazo da convocatoria de axudas ás actividades estudantes e á realización de ciclos de conferencias e cursos de verán.

A vicerreitora de Relacións Internacionais e Cooperación informa das seguintes convocatorias

No eido de mobilidade internacional:

- Publicáronse por centros as listaxes de adxudicación definitiva da convocatoria Erasmus e Bilateral. En breve (nun prazo de dúas semanas), sairá una segunda convocatoria para cubrir as prazas que quedaron vacantes nesta primeira convocatoria.
- Publicouse a **Convocatoria Becas Fórmula Santander**: unha bolsa de 5 000 euros para realizar a estadía semestral de grao ou posgrao nunha universidade estranxeira que non sexa de Portugal (listaxe no anexo).
- Publicouse a **Convocatoria Becas Santander Iberoamérica**; 15 bolsas de 3 000 euros para estudantes de grao da UDC que desexen realizar estadias de mobilidade en universidades de Brasil, Chile e México.

No eido da cooperación internacional, con data de 20 marzo 2013 publicáronse as seguintes convocatorias:

- A convocatoria PCR (Proxectos de Coñecemento da Realidade) (1000 euros) para o alumnado da UDC que promove e axuda financeiramente á colaboración na realidade cun proxecto de Cooperación Internacional ou de Educación para o desenvolvemento, a través dalgunha ONGD. Trátase de estadias nos países do Sur de un a tres meses. Finánciase a viaxe completa até a localidade onde ten lugar o proxecto (ida e volta) e o seguro. O prazo de solicitude do PCR 2013 remata o 10 de abril.
- A convocatoria PCC (Proxectos de Coñecemento da Cooperación) (10 000 €) supón a 2.^a (a primeira tivo lugar no curso académico 2011-2012) co obxectivo de que o persoal docente e investigador e o persoal de administración e servizos da UDC participen nun proxecto



en terreo de Cooperación Internacional ou de Educación para o desenvolvemento, a través dalgunha ONGD. As estadias nos países do Sur son de unha a catro semanas. O proxecto que se realice estará directamente relacionado co posto que a persoa solicitante desempeñe na UDC. A OCV financia a viaxe completa até a localidade onde ten lugar o proxecto (ida e volta) e o seguro. O prazo para presentar a solicitude do PCC remata o 10 de abril.

O secretario xeral informa de que o 21 de febreiro o decano da Facultade de Ciencias da Saúde solicitou autorización para integrar a Facultade na Asociación *Conferencia Nacional de Decanos de Terapia Ocupacional* (CNDEUTO), que se constituíu o 22 de outubro de 1999. A proposta non comporta incremento de gasto. Procederase a nomear o titular do decanato da Facultade de Ciencias da Saúde para representar a UDC nesa asociación.

O xerente informa da reunión desenvolvida o día 11 de marzo cos membros do Comité de Empresa do PAS para unha toma de contacto e revisar o calendario de xuntanzas.

2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 28 de febreiro

Tras a lectura da acta do pasado Consello de Goberno do 28 de febreiro, que estivo a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros e na Secretaría Xeral da Universidade, e feita a modificación proposta á acta polo profesor Sergio Santos (erro detectado no punto 7 respecto da área das prazas de colaborador, que debe ser de Enfermaría), a acta apróbbase por asentimento.

Respecto do punto 12 (recusación do reitor), Luis Castedo solicita que se inclúa na súa intervención transcrita na acta que requiriu o escrito de recusación presentado polo profesor Méndez Salgueiro.



3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que se clasifican nesta ocasión en cinco (5) convenios marco, oito convenios específicos (8), e setenta e seis convenios para prácticas (76) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

A listaxe apróbase por asentimento.

4. Proposta de modificación da denominación do título de Enxeñeiro/a da Edificación

O vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías expón as vicisitudes sufridas polo título que imparte a UDC e as razóns que explican a necesidade do cambio, tal e como se conteñen na proposta achegada, que se incorpora á acta como anexo.

Pedro Nogueira intervéen para expresar a súa conformidade co exposto polo equipo de goberno, e anunciar o seu voto particular neste punto, en que se ampara e motiva a súa abstención, e que solicita xuntar á acta.

Tras a réplica do reitor e o vicerreitor, intervéen Nona Inés Vilariño para expresar o seu apoio á proposta, para salvagardar os intereses dos estudantes matriculados.

Tras o anterior debate, apróbase, segundo figura no **anexo IV**, de conformidade coa proposta presentada, o seguinte acordo:

1º) Mentres non se resolva en vía xudicial con carácter definitivo sobre a validez da actual denominación do título da Universidade da Coruña, a expedición do título correspondente ao plan de estudos aprobado por Resolución reitoral do 1 de febreiro de 2011 realizarase coa seguinte denominación provisional:

- **Graduado/a en Arquitectura Técnica**

2º) O presente acordo comunicarase ao Consejo de Universidades e á Xunta de Galicia para os efectos procedentes.



O voto particular anunciado polo profesor Pedro Nogueira figura como **anexo V** da presente acta.

5. Proposta de modificación do art. 7.3.d) do Regulamento de Estudos Propios de Posgrao

Toma de novo a palabra o vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías para explicar esta modificación puntual, que se motiva na proposta que se achega.

Tras a súa exposición, o punto apróbase por asentimento, segundo figura no **anexo VI**

6. Bases para a mellora e internacionalización da oferta académica de mestrados

O vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías expón os puntos principais que inspiran estas bases.

O profesor Sobrino Heredia pregunta sobre o criterio de “internacionalización”. No seu mestrado da Unión Europea, computarían os alumnos Erasmus? Observa que para conseguir a internacionalización hai que darlles publicidade ás titulacións a tempo, e para iso hai que coñecer con antelación os períodos de matrícula. Tamén destaca a soidade do labor do coordinador.

O vicerreitor contesta que se inclúen os alumnos de intercambio na taxa de internacionalización. Está de acordo en que hai que mellorar a determinación dos prazos de matrícula, e precisamente para mellorar a xestión, inclúese na reforma da RPT o apoio administrativo aos mestrados. No vindeiro Consello de Goberno traerase o calendario académico.

A estudante Amelia Fraga solicita utilizar a denominación de mestrado, para evitar confusións. Tamén comenta se o incremento de cinco estudantes no límite de matrícula obedece a razóns de “excelencia” da propia UDC. **Na páxina 4, hai unha gralla.**

O vicerreitor está de acordo coa necesidade de utilizar a denominación de mestrado. Tocante ás exixencias de matrícula, son as que establece o borrador de Real decreto que está a prepararse no Ministerio.

Luis Castedo di que os incentivos son insuficientes. Entende as limitacións, pero considera que non é para ser triunfalista coa súa eficacia.



O profesor Casteleiro comenta os problemas de impartir só as titulacións con mínimos de estudantes, pois iso só se determina cando se pecha a matrícula. O problema agrávase cando se trata de estudantes internacionais.

A profesora Teresa López considera que a maior estabilidade se lograría de saber se un título se vai impartir ou non, mais a Xunta de Galicia aposta por unha inestabilidade absoluta, que vai ser moi grave para a atracción de estudantes. Tamén considera que, como calquera outra titulación oficial, a competencia de coordinación debe residir nos centros e, particularmente, na súa dirección.

Miguel Muñoz Cantero incide na planificación dos períodos de matrícula, que considera un elemento esencial para atraer estudantes do ámbito internacional. Considera que os incentivos deben estenderse a todos os mestrados.

Tras o anterior debate, a proposta apróbase por asentimento e incorpórase como **anexo VII**

7. Autorización para a creación da empresa TORUS, participada pola UDC

O vicerreitor de Investigación e Transferencia toma a palabra e expresa os principais aspectos da proposta de creación da empresa de base tecnolóxica (EBT) TORUS, obxecto da colaboración coa Fundación Barrié.

Apróbase por asentimento, segundo figura no **anexo VIII**.

8. Documentos de traballo do Plan estratéxico 2013-2020 (Misión, Visión e Valores; eixes estratéxicos; composición dos grupos de traballo)

No comezo da súa intervención, a vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas retira da proposta a composición dos grupos de traballo.

De seguido, comenta os principais aspectos dos documentos de traballo “Misión, Visión e Valores”, así como dos eixes estratéxicos, que configuran a fase primeira de elaboración do Plan estratéxico.

Teresa López intervén no nome de Anxo Calvo, que non puido asistir ao Consello de Goberno para defender unha suxestión de emenda parcial ao texto de misión, visión e valores. Na epígrafe de “Valores”, despois do



parágrafo que comeza por “*Igualdade de oportunidades*”, propónse a inclusión do seguinte parágrafo:

“*Cultura do esforzo*. Valoramos tanto o esforzo das persoas como aspecto clave do progreso e do desenvolvemento individual, como a coordinación de vontades e capacidades persoais orientada á resolución de problemas, á superación de conflitos e á consecución dos obxectivos colectivos orientados ao interese común”.

José Venegas reflexiona sobre a extensión do documento proposto.

Nona Inés Vilariño apoia a emenda do profesor Calvo, e solicita que se nomeen os grupos canto antes.

Coa incorporación da emenda do profesor Calvo, apróbase por asentimento do Consello de Goberno, segundo figura no **anexo IX**.

9. Proposta de autorización de licenzas

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente propón a concesión de licenza á profesora María Luz Paz Agras, da Área de Composición Arquitectónica, para unha estadía posdoutoral de investigación, entre o 1 de marzo de 2013 e o 30 de xuño do 2013, na Bartlett School of Architecture. University College of London, baixo o título “*O espazo expositivo como lugar de experimentación. Aplicación de novas tecnoloxías*”.

Apróbase por asentimento, segundo figura no **anexo X**.

10. Quenda aberta de intervencións

Na quenda aberta de intervencións, prodúcense as seguintes.

Horacio Naveira comenta, en materia de prazos de matrícula de mestrados, que hai que actualizar a información da web, porque só hai información respecto do curso actual 2012/2013.

Pedro Nogueira reitera a cuestión que suscitou no Consello de Goberno anterior sobre os traballos de fin de grao nos casos de plans de mobilidade.

Miguel Muñoz Cantero pregunta se as UXAI vulneran o artigo 8 da LOU.

Sobrino Heredia pregunta sobre o recorte de remuneración de profesores sénior que van a estadías de investigación no estranxeiro, que supón unha



redución do 20% a partir do cuarto mes de estadía, que ten un carácter moi gravoso.

Amelia Fraga comenta a información que hai das titulacións na web. Sinala tamén o *merchandising* da UDC, o problema dos “suadoiros” en Ciencias da Educación e a utilización do logo de xeito non autorizado. Tamén sinala a utilización do logo pola reprografía central. Solicita información sobre o procedemento disciplinario aberto ao profesor Pinedo. Solicita que conste en acta a súa despedida no Consello de Goberno.

Jorge Quintas transmite unha queixa sobre a falta de pagamento dos gastos de desprazamento e inscrición aos campionatos universitarios de atletismo.

O vicerreitor de Investigación e Transferencia pide desculpas por esquecer mencionar, no apartado de informes, que o pasado luns día 18 de marzo, se recibiu de xeito anticipado por correo electrónico, o informe final de avaliación da solicitude de verificación do título oficial de doutoramento “Sociedade do Coñecemento. Novas Perspectivas en Documentación, Comunicación e Humanidades”, coordinado pola Universidade da Coruña e no que participa a Universidad Complutense de Madrid. O informe recibido é desfavorable.

Manuel Casteleiro, ao respecto da representación de estudantes en xuntas e departamentos, solicita que, como houbo pouca participación, se fagan unhas eleccións parciais para encher a representación vacante de estudantes.

Tras as réplicas e contestacións do equipo de goberno ás anteriores cuestións, o reitor remata a sesión ás 12:15 horas, do que eu, como secretario, do fe, co visto e prace do presidente.

Visto e prace

O secretario xeral

O presidente

Carlos Amoedo Souto

Xosé Luís Armesto Barbeito